



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Estratexías de aprendizaxe en contextos socioeducativos

Materia	Estratexías de aprendizaxe en contextos socioeducativos			
Código	O05G130V01403			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Ojea Rúa, Manuel			
Profesorado	González Fernández, Antonio Isorna Folgar, Manuel Ojea Rúa, Manuel Vázquez Figueiredo, María José			
Correo-e	moxea@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia analízanse distintos procesos psicolóxicos como atención, percepción, memoria, aprendizaxe, motivación ou procesamento da información. A súa análise servirá de base para a súa posible aplicación no contexto social, tanto para entender a aprendizaxe social como para deseñar intervencións en distintos contextos.			

## Competencias de titulación

Código				
A1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa			
A2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas			
A4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos			
A5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa			
A6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional			
A7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicarlas ás realidades socioeducativas			
A9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar			
A10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)			
A12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento			
A13	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural			
A14	Deseñar, aplicar e avaliar programas de educación permanente e de persoas adultas e anciás			
A15	Deseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral			
A16	Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos			
A17	Dominar as metodoloxías de dinamización social e cultural			
A19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades			
A20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas			
B1	Capacidade de análise e síntese			
B2	Planificación e organización			

B3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega
B4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
B5	Xestión da información
B6	Resolución de problemas e toma de decisións
B7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
B8	Capacidade crítica e autocrítica
B9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
B10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
B11	Habilidades interpersoais
B12	Compromiso ético
B13	Autonomía na aprendizaxe
B14	Adaptación a situacións novas
B15	Creatividade
B16	Liderado
B17	Iniciativa e espírito emprendedor
B18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida
B20	Orientación á calidade

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Ser competente no coñecemento da relación entre os procesos de atención, percepción e memoria e os modelos de aprendizaxe.	A1 A2 A5 A12 A19	B1 B2 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B15 B16 B17
Ser competente no coñecemento dos modelos motivacionais, así como na súa vinculación cos procesos de aprendizaxe social e educativo.	A1 A2 A5 A6 A9 A10	B5 B6 B7 B8 B11
Ser competente no coñecemento do paradigma do procesamento da información, así como da súa influencia na aprendizaxe humana.	A5 A6 A9 A10	B5 B6 B7 B8 B11
Ser competente no coñecemento das teorías, modelos e formas de aprendizaxe aplicados en contextos sociais e educativos.	A2 A4 A7 A9 A10	B12 B13 B15 B18 B20
Ser competente para realizar a análise dos programas da realidade social e educativa de acordo cos conceptos aprendidos e facer propostas de mellora.	A12 A13 A16 A17	B2 B4 B7 B16 B17
Ser competente para innovar a práctica socioeducativa iniciada mediante a realización do deseño de novas capacidades ou reaxustando as anteriores ás situacións individuais e/ou contextuais.	A12 A13 A14 A15 A16	B2 B3 B4 B15 B16
Ser competente para colaborar con outros profesionais no deseño e implementación dos programas sociais e educativos.	A1 A2 A13 A20	B14 B17
Ser competente no coñecemento e no uso dos recursos tecnolóxicos aplicados á elaboración dos programas de intervención social e de comunicación.	A1 A17	B4 B5

### Contidos

Tema	
Atención, percepción e memoria e os modelos de aprendizaxe.	Os modelos atencionais: a atención selectiva e a atención dividida. A organización perceptiva: a teoría Gestalt de Wertheimer, Koffca e Köhler. A aprendizaxe construtivista: os traballos sobre memoria de Barlett. Modelos de memoria. Memoria implícita e memoria explícita.
Os modelos motivacionais.	A teoría motivacional de Hull e Spence. Motivación, emoción e pensamento. A teoría da disonancia cognitiva proposta por Festinger. A motivación de logro de McClelland e Atkinson. A teoría da motivación social de Rotter. A teoría da atribución de Kelley e Weiner.
O paradigma do procesamento da información.	O enfoque de procesamento da información TOTE de Miller e outros. A teoría sistémica de Newel e Simon. As aportacións de Broadbent. As teorías da comunicación de Shannon e Garner. A lingüística de Chomsky.
Teorías, modelos e formas de aprendizaxe aplicados en contextos sociais e educativos.	A aprendizaxe funcional e ecolóxica de Snell e Ausubel, Novack e Hanesian. A aprendizaxe andamiada de Bruner. A aprendizaxe significativa de Ausubel. A aprendizaxe social de Bandura. A aprendizaxe e a interacción socio-cultural segundo Vygotsky. Modelos de aprendizaxe cooperativa (Slavin).
Elaboración de programas e proxectos.	Programas de intervención social en persoas con discapacidade. Programas de intervención social en menores en conflito. Programas de intervención social en grupos sociais desfavorecidos e/ou en risco de exclusión social. Programas de mellora en persoas maiores con problemas de memoria e/ou déficits cognitivos.
Coñecemento e no uso dos recursos tecnolóxicos aplicados á elaboración dos programas de intervención social e de comunicación.	Fontes bibliográficas de información: biblioteca, hemeroteca, bases de datos (ERIC, ISOC, CURRENT CONTENTS). Os recursos de internet: SITIOS WEBS. Emprego de medios audiovisuais na acción socioeducativa: AUDIO, VÍDEO, TV.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	18	0	18
Traballos de aula	12.5	0	12.5
Titoría en grupo	3	0	3
Debates	4.5	0	4.5
Traballos tutelados	0	44	44
Presentacións/exposicións	6	10	16
Probas de tipo test	1	51	52

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Asistencia, participación activa, compromiso e colaboración intergrupos e intragrupos.
Traballos de aula	Construción activa dos contidos previamente presentados.
Titoría en grupo	Observación sistemática, resolución de problemas e indicacións continuas sobre o deseño e aplicación dos traballos de aula.
Debates	Discusión e diálogos sobre as actividades de aula.
Traballos tutelados	Realización de traballos autónomos no ámbito social con dirección do docente en relación a unha temática da área.
Presentacións/exposicións	Claridade, coherencia e aportación da información investigada polos grupos establecidos en traballos e proxectos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Avaliación continua.
Titoría en grupo	Avaliación continua.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Construción de información e investigación autónoma e activa.	10
Titoría en grupo	Seguimento do traballo dos estudantes.	10
Debates	Nivel de participación e compromiso.	5
Traballos tutelados	Valoración da calidade dos traballos presentados	25
Presentacións/exposicións	Presentación e defensa dos proxectos e programas de innovación educativa.	10
Probas de tipo test	Proba obxectiva.	40

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Indícase, así mesmo, que se conservarán as cualificacións das competencias acadadas superadas para a seguinte convocatoria de xullo, na cal os alumnos e as alumnas avaliaranse tan so das competencias/partes/probas non superadas na convocatoria anterior.

Os estudantes non asistentes deberán presentarse á proba tipo test (ata 40% da nota) e ademais deberán entregar un traballo de investigación teórico-práctico sobre algunha das temáticas da materia (ata 60% da nota). Este traballo deberá ser previamente consensuado co docente da materia.

As datas do exame final correspondente ás convocatorias de maio-xuño e xullo poderanse no taboleiro de anuncios da Facultade e tamén na súa web no enlace <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

### **Bibliografía. Fontes de información**

- Ausubel, D. P.; Novak, J. D., e Hanesian, H., **Psicología educativa: un punto de vista cognoscitivo.**, 1983,
- Ballesteros, S., **Psicología general. Un enfoque cognitivo.**, 1996,
- Bandura, A., **Pensamiento y acción. Fundamentos sociales.**, 1987,
- Bandura, A., e Walters, R. H., **Aprendizaje social y desarrollo de la personalidad.**, 1975,
- Banet, L.; Echeita, G.; Escofet, N.; Fernández, C.; Guix, M. D.; Jiménez, J. R.; López, G.; Lloret,, **Motivación, tratamiento de la diversidad y rendimiento académico. El aprendizaje cooperativo.**, 2003,
- Bruner, J. S., **Pensamiento y lenguaje.**, 1984,
- Coll, C.; Palacios, J., e Marchesi, A., **Desarrollo psicológico y educación, II. Psicología de la Educación.**, 1993,
- Das, J. P.; Mok, M., e Mishra, R. K., **The role of speech processes and memory in reading disability.**, 1994,
- Das, J. P.; Naglieri, J. A., e Kirby, J. R., **Assessment of cognitive processes: the PASS theory of intelligence.**, 1994,
- Deaño, M., **D.N: CAS Das Nagliari: Sistema de Evaluación cognitiva.**, 2005,
- Gagne, R. M., e Briggs, S. J., **Planificación de la enseñanza.**, 1976,
- Gondra, J. M. (1998)., **Historia de la psicología. Introducción al pensamiento psicológico moderno (vol. 1, 2.).**, 1998,
- Mestre, J. M., e Palmero, F., **Procesos psicológicos básicos. Una guía académica para los estudios en psicopedagogía, psicología y pedagogía.**, 2004,
- Novak, J. D., **Teoría y práctica de la educación.**, 1982,
- Novak, J. D., **El constructivismo humano: hacia la unidad en la elaboración de significados psicológicos y epistemológicos.**, 1988,
- Ojea, M., **Síndrome de Asperger en la universidad: percepción y construcción del conocimiento.**, 2008,
- Pérez, V., e Gutiérrez, M. T. (2005)., **Procesos psicológicos básicos. Un análisis funcional.**, 2005,
- Puente, A. (Coord.), **Psicología Básica. Introducción al estudio de la conducta humana.**, 1998,
- Torres, de J. S.; Tornay, F., e Gómez, E., **Procesos psicológicos básicos.**, 1999,
- Vygotsky, L. S., **Pensamiento y lenguaje.**, 1972,
- Vygotsky, L. S., **El desarrollo de los procesos psicológicos superiores.**, 1979,
- Vygotsky, L. S., **El instrumento y el signo en el desarrollo del niño.**, 1983,
- Weiner, B., **An attributional theory of motivation and emotion.**, 1986,
- Wang, M. C., **Atención a la diversidad del alumnado.**, 1998,

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Intervención socioeducativa para a inclusión social/O05G130V01405

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Educación: Pedagogía social/O05G130V01205

Diagnóstico e análise de necesidades socioeducativas/O05G130V01303

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

---

Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo/O05G130V01202

Metodoloxía de investigación socioeducativa/O05G130V01104

---

**Outros comentarios**

---

Para os alumnos e alumnas que non poida asistir ás clases presenciais con regularidade, poderán substituír os traballos de aula e os traballos de campo polo deseño e aplicación dun proxecto de traballo teórico- práctico relacionado cos contidos da materia, máis a realización da proba obxectiva.

Os estudantes que non poidan asistir nunca ás clases deberán facer a proba obxectiva.

---